

**ANEXO III**  
**FICHAS DESCRIPTIVAS DOS PROGRAMAS DO PLAN EDUEMPRENDE 2024-2025**

**ÍNDICE**

Actúa.....	2
Atrévete.....	4
EduIndustria.....	7
EduInspira.....	8
Finanzas para mortais.....	9
Grand Prix Financeiro.....	11
Prepárate para o salto.....	12
A tola aventura do aforro.....	13
Seguramente.....	14
Medios de pagamento.....	15
Mentoring FP.....	17
Simula.....	18
EduTecEmprende.....	19



## FICHA DESCRIPTIVA

---

**PROGRAMA:** ACTÚA

**OBXECTIVOS:**

- Sensibilizar ao alumnado sobre a cultura emprendedora.
- Potenciar as capacidades do alumnado para afrontar proxectos de emprendemento.

**ALUMNADO DESTINATARIO:**

- Ciclos formativos de grao medio ou grao superior das ensinanzas de Formación Profesional, ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño.
- Bacharelato coa materia de Economía.

**NÚMERO DE SESIÓNS:** 2

**FORMATO:** Presencial.

**NÚMERO MÁXIMO DE CENTROS PARTICIPANTES:** 50

**DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:**

O programa Actúa desenvolverase en dúas xornadas:

**1ª xornada:** O profesorado do centro educativo realizará unha sesión na aula co alumnado, co obxectivo de facelo reflexionar sobre o emprendemento e as posibilidades do autoemprego como saída profesional.

**2ª xornada:** Persoal especializado en emprendemento desprazarase ao centro educativo para desenvolver unha actividade a escoller de entre as seguintes:

**1. Creatividade para a innovación**

Alumnado específico: Bacharelato e ciclos de Formación Profesional.

Duración da actividade: 90 a 120 minutos.

Grupo máximo: 30 alumnos/as.

Descrición: Obradoiro dinámico destinado a coñecer técnicas (como o Mapa Mental e o SCAMPER) e exemplos innovadores para identificar oportunidades de negocio ou solucións creativas para a mellora empresarial.

**2. Análise das capacidades**

Alumnado específico: Ciclos de grao medio e grao superior.

Duración da actividade: 90 a 120 minutos.

Grupo máximo: 30 alumnos/as (recomendable 15-20 alumnos/as).

Descrición: Obradoiro que ten por obxectivo que o alumnado poida poñer en práctica e tome conciencia da importancia das habilidades sociais como ferramenta para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

**3. Xogamos co Canvas?**

Alumnado específico: Ciclos de grao medio e grao superior.

Duración da actividade: 90 a 120 minutos.

Grupo máximo: 30 alumnos/as.

Descrición: Dinámica para a análise dunha idea de negocio a través do LEAN CANVAS, empregando unha metodoloxía grupal e participativa mediante unha tormenta de ideas de negocio.

**4. A comunicación**

Alumnado específico: Bacharelato e ciclos de Formación Profesional.

Duración da actividade: 60 a 90 minutos.

Grupo máximo: 30 alumnos/as (recomendable 15-20 alumnos/as).



Descrición: Obradoiro dinámico e participativo que ten como finalidade mellorar a comunicación persoal. Nesta actividade daranse a coñecer as claves para falar en público, favorecendo unha comunicación efectiva e contribuíndo á capacitación para a presentación dun proxecto empresarial.

### **TEMPORALIZACIÓN:**

As actividades da 2ª xornada desenvolveranse desde a publicación da resolución de centros seleccionados ata o 16 de maio 2025.

### **CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS E SOLICITUDES:**

1. Poderán participar neste programa os centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
2. Para poder participar neste programa o centro educativo deberá presentar unha memoria descritiva da actividade a desenvolver durante a 1ª xornada.
3. Cada centro poderá solicitar, por orde de preferencia, ata un máximo de tres actividades para a 2ª xornada. No caso de existir menos de 50 centros solicitantes, poderase asignar máis dunha actividade por centro educativo. En caso contrario, a comisión de selección avaliará as memorias presentadas e seleccionará as que acaden as maiores puntuacións de acordo cos seguintes criterios:
  - Actividades propostas para acadar o obxectivo xeral do programa (Máximo 5 puntos).
  - Recursos empregados (Máximo 3 puntos).
  - Temporalización das actividades (Máximo 2 puntos).

En caso de empate darase prioridade ao centro co grupo de alumnado máis numeroso. Se persistise o empate, farase a selección por sorteo.



## FICHA DESCRIPTIVA

---

**PROGRAMA:** ATRÉVETE

**OBXECTIVOS:**

- Promover as competencias persoais e sociais, relacionadas co emprendemento, que fomenten un espírito crítico, proactivo e colaborativo entre o alumnado.
- Dar a coñecer ao alumnado o tecido industrial da súa contorna e as empresas das diferentes asociacións colaboradoras.
- Mostrar ao alumnado os centros punteiros e de referencia na Formación Profesional, así como as saídas profesionais das ensinanzas impartidas nos mesmos.

**ALUMNADO DESTINATARIO:**

- 5º e 6º de Educación Primaria.
- 1º e 2º da Educación Secundaria Obrigatoria.

**NÚMERO DE SESIÓNS:** 1

**FORMATO:** Presencial.

**NÚMERO MÁXIMO DE CENTROS PARTICIPANTES:** 50

**DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:**

O programa Atrévete conta con dúas fases:

**1ª Fase. Inmersión empresarial para o fomento do emprendemento.**

**a) Actividades de fomento do emprendemento para Educación Primaria.**

O alumnado poderá visitar calquera dos centros educativos que forman parte da Rede de Centros Integrados de Formación Profesional de Galicia, o IES Plurilingüe Castro da Uz (As Pontes de García Rodríguez) ou o IES Lois Peña Novo (Vilalba), co obxectivo de coñecer as posibilidades que ofrece a Formación Profesional e os proxectos de emprendemento reais postos en marcha desde os mesmos.

Os centros serán asignados en función da súa área de influencia.

**b) Actividades de fomento do emprendemento para Educación Secundaria.**

O alumnado visitará unha das seguintes asociacións empresariais e algunha das empresas que as integran, coa finalidade de mostrar exemplos reais do tecido empresarial da súa contorna:

- Asociación de Empresarios do Polígono de Sabón-Arteixo (A Coruña)
- Asociación de Empresarios Ferrolterra (Ferrol)
- Área Empresarial do Tambre (Santiago de Compostela)
- Asociación de Empresarios de Riveira (Ribeira)
- Asociación de Empresarios Seara (As Pontes de García Rodríguez)
- Confederación de Empresarios de Lugo/Fundación CEL (Lugo)
- Asociación de Empresarios Sete Pontes (Vilalba)
- Asociación de Empresarios Polígono San Cibrao (San Cibrao)
- Círculo de Empresarios de Galicia (Vigo)
- Asociación de Jóvenes Empresarios de Pontevedra (Pontevedra)
- Asociación de Empresarios de Pontevedra (Pontevedra)

As asociacións serán asignadas en función da área de influencia das mesmas.

Estas actividades desenvolveranse desde a publicación da resolución de centros seleccionados ata o 25 de abril de 2025.



## 2ª Fase. Concurso "Atrévete a ter unha idea"

Os centros educativos poderán participar no concurso "Atrévete a ter unha idea", no que se premiarán as mellores iniciativas emprendedoras e ideas de negocio, co fin de fomentar a cultura emprendedora e a innovación entre o alumnado máis novo.

A presentación das ideas farase en formato audiovisual, cunha duración máxima de 2 minutos, e seguirá o seguinte guión:

1. Título da idea.
2. Orixe e descrición da idea (como xurdiu, como se detectou a oportunidade de negocio, se é unha idea innovadora, a quen se dirixe, que demandas resolve, proposta de valor, en que se diferencia doutras ideas que xa hai no mercado, etc.).
3. Clientes potenciais (tipo, número estimado de clientes e como chegar a eles).
4. Competencia (competidores que existen no mercado, vantaxes do produto/servizo ofrecido e cales serían os seus produtos alternativos).
5. Posta en marcha da idea (descrición do necesario para poñela en marcha, pasos a seguir para a súa saída ao mercado, inversión necesaria e vías de financiamento).

Haberá catro modalidades de participación – individual educación primaria, individual educación secundaria, grupal educación primaria e grupal educación secundaria – e serán premiadas as 3 mellores ideas de cada modalidade.

Os premios son os que se indican na táboa seguinte:

Modalidade	Premio
Premio individual Educación Primaria	Dispositivo dixital
Premio individual Educación Secundaria	Dispositivo dixital
Premio grupal Educación Primaria	Experiencia de multiaventura para o grupo
Premio grupal Educación Secundaria	Experiencia de multiaventura para o grupo

A comisión de selección procederá á valoración dos proxectos presentados, axustándose aos seguintes criterios:

- Orixinalidade da idea (Máximo 4 puntos).
- Adecuación ao guión facilitado (Máximo 3 puntos).
- Presentación da mesma (Máximo 3 puntos).

A idea de negocio en formato audiovisual entregarase ata do 9 de maio de 2025 seguindo as instrucións que serán remitidas aos centros participantes.

### CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS E SOLICITUDES:

1. Poderán participar neste programa os centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
2. Para participar neste programa o centro educativo deberá presentar unha proposta de traballo de fomento do emprendemento. Esta proposta deberá especificar recursos a empregar, actividades a desenvolver e planificación das mesmas ao longo do curso. Cada centro educativo poderá presentar unha única solicitude.
3. No caso de existir máis solicitudes que visitas dispoñibles, a comisión de selección fará unha selección de centros. Para isto valorarase a proposta de traballo presentada en función dos seguintes criterios:
  - Actividades propostas para acadar o obxectivo xeral do programa (Máximo 5 puntos).
  - Recursos empregados (Máximo 3 puntos).
  - Temporalización das actividades (Máximo 2 puntos).

En caso de empate darase prioridade ao centro co grupo de alumnado máis numeroso. Se persistise o empate, farase a selección por sorteo.



4. A xustificación deste programa realizarase mediante a entrega dunha memoria final que deberá conter os seguintes puntos:
- Contextualización e obxectivos.
  - Actividades realizadas previas á visita.
  - Centro visitado e actividades realizadas.
  - Documentación gráfica da visita.
  - Avaliación.
  - Propostas de mellora.

A extensión máxima da memoria será de 10 páxinas, en formato DIN A4, letra Arial tamaño 12 puntos e entreliñado sinxelo. A memoria deberá estar redactada en galego.



## FICHA DESCRIPTIVA

---

**PROGRAMA:** EDUINDUSTRIA

**COLABORA:** Cámara de Comercio de A Coruña.

**OBXECTIVOS:**

- Presentar o emprendemento na industria como unha opción máis a ter en conta no futuro profesional do alumnado de ciclos de Formación Profesional.
- Dar a coñecer, dun xeito lúdico, en que consiste o emprendemento e que pasos hai que seguir para que unha idea poida converterse nun negocio.
- Interiorizar conceptos de planificación da empresa dun xeito divertido.

**ALUMNADO DESTINATARIO:**

- Ciclos de grao básico, medio e superior, e cursos de especialización das familias profesionais de Electricidade e electrónica, Enerxía e auga, Fabricación mecánica, Industrias extractivas, Instalación e mantemento, Madeira, moble e cortiza e Transporte e mantemento de vehículos, e o ciclo superior de Transporte e loxística.

**NÚMERO DE SESIÓNS:** 1

**FORMATO:** Presencial.

**NÚMERO MÁXIMO DE CENTROS PARTICIPANTES:** 15

**DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:**

Este programa consiste nunha actividade interactiva e gamificada denominada "Emprende e Aprende", onde o alumnado terá que resolver diferentes retos e casos prácticos, fomentando a creatividade e interiorizando conceptos de planificación empresarial a través do traballo en equipo.

Trátase dunha experiencia inmersiva que utiliza un taboleiro de xogo de gran tamaño, onde os participantes empregan cartas, dados, moedas e billetes para aprender de forma divertida.

**TEMPORALIZACIÓN:**

As actividades desenvolveranse desde a publicación da resolución de centros seleccionados ata o 16 de maio de 2025.

**CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS E SOLICITUDES:**

1. Poderán participar nesta convocatoria os centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
2. A actividade está pensada para desenvolverse en grupos dun máximo de 25 persoas.
3. No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles, os centros seleccionaranse dando preferencia a aqueles que aporten un maior número de alumnado participante.



## FICHA DESCRIPTIVA

---

**PROGRAMA:** EDUINSPIRA

**COLABORA:** Cámara de Comercio de A Coruña.

**OBXECTIVOS:**

- Mostrar ao alumnado as vantaxes do emprendemento.
- Concienciar á comunidade educativa das posibilidades de emprender nas distintas familias profesionais de Formación Profesional.

**ALUMNADO DESTINATARIO:**

- Ciclos de grao básico, medio e superior, e cursos de especialización de Formación Profesional dos centros educativos situados nas comarcas de A Coruña, Bergantiños, Betanzos, Eume, Ferrol, Fisterra, Ordes e Terra de Soneira.

**NÚMERO DE SESIÓNS:** 1

**FORMATO:** Presencial.

**NÚMERO MÁXIMO DE CENTROS PARTICIPANTES:** 20

**DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:**

A actividade consiste nun obradoiro inspirador onde persoas emprendedoras de diversos sectores profesionais comparten as súas experiencias, retos e logros co alumnado e profesorado. Durante a sesión, abordaranse temas clave como a xestión de empresas, a innovación, o financiamento, e as estratexias de crecemento, co obxectivo de fomentar o espírito emprendedor, inspirar novas ideas e proporcionar coñecementos prácticos que poidan ser aplicados no desenvolvemento de proxectos propios.

Este obradoiro tamén incluírá un espazo de diálogo aberto, no que os participantes poderán interactuar cos relatores, formular preguntas, e intercambiar ideas e perspectivas sobre o mundo do emprendemento.

**TEMPORALIZACIÓN:**

As actividades desenvolveranse desde a publicación da resolución de centros seleccionados ata o 16 de maio de 2025.

**CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS E SOLICITUDES:**

1. Poderán participar nesta convocatoria os centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
2. No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles, os centros seleccionaranse dando preferencia a aqueles que aporten un maior número de alumnado participante.





## FICHA DESCRIPTIVA

---

**PROGRAMA:** FINANZAS PARA MORTAIS

**COLABORA:** Banco Santander e Fundación de la Universidad de Cantabria para el estudio y la investigación del sector financiero (UCEIF).

**OBXECTIVOS:**

- Fomentar o emprendemento e a cultura financeira no sistema educativo non universitario como motores da innovación, a competitividade e o crecemento da economía.

**ALUMNADO DESTINATARIO:**

- 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria.
- 1º e 2º de Bacharelato.
- Ciclos de Formación Profesional.

**NÚMERO DE SESIÓNS:** 1

**FORMATO:** Presencial.

**NÚMERO MÁXIMO DE CENTROS PARTICIPANTES:** Sen límite.

**DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:**

Neste programa o alumnado poderá participar nas seguintes actividades:

**1. Sesións formativas:**

Consistirán en obradoiros de dúas horas de duración desenvolvidos por persoal voluntario do Banco de Santander.

Grupos: 10-35 alumnos/as.

A continuación detállanse as opcións formativas:

**OPCIÓN 1: COMO XESTIONAR MELLOR A TÚA ECONOMÍA** (Recomendado para alumnado de 3º ESO e de ciclos formativos de grao básico)

- Consumo intelixente: Educación financeira, Por que é importante saber de finanzas?, consumo intelixente, Por que facer un presuposto?, Aforro.
- Aprendendo a aforrar: Os diferentes usos do cartos, consumo e aforro responsables, como administrar os cartos de forma eficiente nunha economía familiar.
- Proxectos solidarios: O concepto de rendibilidade e o custo de oportunidade, inversións rendibles vs. inversións solidarias.

**OPCIÓN 2: COMO XESTIONAR AS TÚAS CONTAS BANCARIAS** (Recomendado para alumnado de 4º ESO e de ciclos formativos de grao básico)

- Manexo de contas bancarias: Contas bancarias e depósitos á vista, que son as tarxetas bancarias? Tipos e características, transferencias e cheques, a banca a distancia.
- Os aforros: Produtos de aforro (depósitos a prazo), contas correntes vs. cadernos, produtos de inversión, renda variable (bolsa, fondos de inversión, plans de pensións).
- Operacións financeiras: Produtos de financiamento, o endebedamento intelixente, un crédito ou un préstamos?, préstamos: persoal ou hipotecario.
- Medios de pago no estranxeiro: cambio de moedas (cando, canto e onde facelo), uso de tarxetas no estranxeiro (efectivo vs. tarxeta, consellos), outros medios: aplicacións de envío de diñeiro.

**OPCIÓN 3: OS AFORROS** (Recomendado para alumnado de 1º Bacharelato e de ciclos formativos de grao medio)

- A economía dun país: Análise da economía dun país, principais indicadores económicos (PIB, desemprego, débeda, inflación), vídeo (variables macroeconómicas).



- Fonte de ingresos dun país: Principais ingresos públicos, débeda pública, cotizacións sociais, transferencias recibidas, impostos.
- Gasto dun país: Orzamentos xerais do Estado, quen gasta nun país, principais partidas de gasto.
- As pensións: O Sistema da Seguridade Social, os cambios demográficos (taxa de natalidade, esperanza de vida, pirámide de poboación), evolución das pensións, que outras opcións existen, comparación de sistemas.

**OPCIÓN 4: INVERSIÓN E INICIATIVA EMPRENDEDORA** (Recomendado para alumnado de 2º Bacharelato e de ciclos formativos de grao superior)

- Deseñando o futuro: Empregado vs. traballador por conta propia, nómina vs. orzamento/factura, impostos (IRPF, IVE), cotización Seguridade Social.
- Proxectos de negocio: Plan de negocio, modelo Canvas, idea (proposta, actividades, recursos), asociacións (clientes e socios), comercial (canles e relación), números (estrutura custos e fluxo de ingresos).
- Que hai que coñecer para montar unha empresa: persoa física vs. persoa xurídica, principais tipos de empresa, puntos a valorar, cadro comparativo.
- Como facer medrar a miña empresa: tipos de financiamento, financiamento propio (3F e autofinanciamento), financiamento alleo (*crowdfunding*, *crowlending*, subvencións, *Business Angel*), conta de resultados simplificada.

**2. Actividades para a formación de voluntariado:**

Esta actividade está dirixida ao alumnado matriculado no ciclo superior de Administración e Finanzas. Nela o alumnado recibirá a formación necesaria para realizar as tarefas de voluntariado. Esta actividade conta con dúas partes:

- Unha primeira, na que o alumnado recibirá tres horas consecutivas de formación telemática que, acompañadas do material e metodoloxía axeitadas, lle permitirá desenvolver a súa posterior labor como voluntario/a.
- Unha segunda, na que o alumnado, acompañado dun voluntario do Banco Santander impartirá a OPCIÓN 1 e/ou OPCIÓN 2, das actividades formativas antes mencionadas.

As sesións nas que participarán serán decididas polo centro educativo do alumnado involucrado de forma consensuada co voluntariado do Banco Santander. Unha vez rematado este programa o alumnado recibirá un diploma, emitido polo *Santander Financial Institute*, no que se acreditará o número de sesións impartidas.

**TEMPORALIZACIÓN:**

As actividades desenvolveranse desde a publicación da resolución de centros seleccionados ata o 16 de maio de 2025.

A actividade de formación do voluntariado realizarase nunha única xornada en horario de mañá.

**CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS E SOLICITUDES:**

Poderán participar neste programa os centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.



## FICHA DESCRIPTIVA

---

**PROGRAMA:** GRAND PRIX FINANCEIRO

**COLABORA:** Fundación Galicia Obra Social de ABANCA.

**OBXECTIVOS:**

- Desenvolver dinámicas de aprendizaxe e adaptación a un orzamento.
- Outorgar relevancia ao proceso do aforro na vida.

**ALUMNADO DESTINATARIO:**

- 3º a 6º de Educación Primaria.

**Nº DE SESIÓN:** 1

**FORMATO:** Presencial.

**NÚMERO MÁXIMO DE CENTROS PARTICIPANTES:** 12

**DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:**

Este programa ten por obxecto desenvolver actividades e xogos para que o alumnado aprenda, dun xeito activo e en primeira persoa, as pautas iniciais para adaptarse a un orzamento e a importancia do aforro na vida.

A través dun taboleiro xigante do xogo da Oca (4 x 4 metros) e de diferentes paneis, o alumnado participante traballará conceptos básicos da educación financeira adaptados a súa idade. No xogo da Oca, os nenos e nenas terán que distribuír o diñeiro dun salario simulado para chegar a fin de mes, aprendendo a distinguir entre os gastos inescusables e os secundarios.

A duración da actividade será de 90 minutos.

**TEMPORALIZACIÓN:**

As actividades desenvolveranse desde a publicación de resolución de centros seleccionados ata o 16 de maio de 2025.

**CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS E SOLICITUDES:**

1. Poderán participar nesta convocatoria os centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
2. O número mínimo participantes por centro deberá ser de 50, xa que a actividade desenvólvese en grupos de 25 persoas.
3. Os centros que realicen a actividade deberán dispoñer dun espazo suficientemente amplo para poder montar o material do xogo. O xogo da Oca mide 4x4 metros e o resto do posto 6x8 metros.
4. No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles, os centros seleccionaranse pola seguinte orde de prioridade:
  - Non ter participado na convocatoria anterior.
  - Maior número de alumnado participante.



## FICHA DESCRIPTIVA

---

**PROGRAMA:** PREPÁRATE PARA O SALTO

**COLABORA:** Fundación Galicia Obra Social de ABANCA.

**OBXECTIVOS:**

- Mellorar o nivel de alfabetización financeira entre o alumnado destinatario.

**ALUMNADO DESTINATARIO:**

- Bacharelato.
- Ciclos de Formación Profesional, ensinanzas para adultos, ensinanzas de artes plásticas e deseño e ensinanzas deportivas.

**Nº DE SESIÓN:** 1

**FORMATO:** Presencial/virtual.

**NÚMERO MÁXIMO DE CENTROS PARTICIPANTES:**

- Formato presencial: 20
- Formato virtual: Sen límite.

**DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:**

Este programa consiste na asistencia presencial ou virtual a unha conferencia dinámica titulada "Sé intelixente cos teus cartos".

A duración da actividade será de 50 minutos e nela abordaranse os retos que marcarán a evolución da economía mundial, facendo especial fincapé na necesidade de mellorar o nivel de coñecemento das finanzas persoais para mellorar o nivel de alfabetización financeira. Contidos que se traballan na sesión:

- Como xestionar un orzamento persoal.
- As ferramentas dixitais que nos axudan a ter un maior control dos cartos.
- Elección de indicadores para comparar e elixir os mellores produtos financeiros.
- A importancia do aforro a longo prazo.

**TEMPORALIZACIÓN:**

As actividades desenvolveranse desde a publicación de resolución de centros seleccionados ata o 16 de maio de 2025.

**CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS E SOLICITUDES:**

1. Poderán participar nesta convocatoria os centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
2. No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles, os centros seleccionaranse dando preferencia a aqueles que aporten un maior número de alumnado participante.



## FICHA DESCRIPTIVA

---

**PROGRAMA:** A TOLA AVENTURA DO AFORRO

**COLABORA:** Fundación Galicia Obra Social de ABANCA.

**OBXECTIVOS:**

- Desenvolver dinámicas de aprendizaxe e adaptación a un orzamento.
- Outorgar relevancia ao proceso do aforro na vida a través do xogo.

**ALUMNADO DESTINATARIO:**

- 1º a 6º de Educación Primaria.

**Nº DE SESIÓN:** As que considere cada docente.

**FORMATO:** Presencial.

**NÚMERO MÁXIMO DE CENTROS PARTICIPANTES:** Sen límite.

**DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:**

Este programa emprega unha innovadora ferramenta didáctica baseada na gamificación, na que o alumnado participa nun xogo dixital interactivo que simula un taboleiro. Durante o xogo, deberán tomar decisións financeiras estratéxicas semellantes ás que as persoas adultas afrontan diariamente para xestionar os seus aforros, permitindo así aprender de forma lúdica sobre o manexo responsable dos recursos económicos e a planificación financeira.

**TEMPORALIZACIÓN:**

As actividades desenvolveranse desde a publicación de resolución de centros seleccionados ata o 16 de maio de 2025.

**CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS E SOLICITUDES:**

1. Poderán participar nesta convocatoria os centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
2. Só se admitirá unha solicitude por centro educativo.



## FICHA DESCRIPTIVA

---

**PROGRAMA:** SEGURAMENTE

**COLABORA:** Fundación Galicia Obra Social de ABANCA.

**OBXECTIVOS:**

- Desenvolver actividades para que o alumnado aprenda, dun xeito activo, educación financeira para a vida actual.

**ALUMNADO DESTINATARIO:**

- 3º a 6º de Educación Primaria
- 1º a 4º de Educación Secundaria Obrigatoria
- Ciclos de grao básico de Formación Profesional.

**Nº DE SESIÓN:** As que considere cada docente.

**FORMATO:** Presencial.

**NÚMERO MÁXIMO DE CENTROS PARTICIPANTES:** Sen límite.

**DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:**

Este programa basease nunha dinámica interactiva na que o alumnado realiza unha viaxe virtual polo Camiño de Santiago. Durante esta experiencia, traballarán conceptos de educación financeira como a planificación de gastos, a xestión de imprevistos e a toma de decisións. Ademais, o programa integra contidos transversais en áreas como arte, xeografía, historia, lingua, bioloxía e valores sociais e cívicos, proporcionando unha aprendizaxe multidisciplinar e enriquecedora.

**TEMPORALIZACIÓN:**

As actividades desenvolveranse desde a publicación de resolución de centros seleccionados ata o 16 de maio de 2025.

**CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS E SOLICITUDES:**

Poderán participar nesta convocatoria os centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.



## FICHA DESCRIPTIVA

---

**PROGRAMA:** MEDIOS DE PAGAMENTO

**COLABORA:** Fundación Galicia Obra Social de ABANCA.

**OBXECTIVOS:**

- Educar sobre os diferentes tipos de medios de pagamento, incluíndo os baseados en novas tecnoloxías.
- Entender as operacións financeiras e a súa seguridade no contexto comercial.
- Proporcionar unha experiencia práctica no uso de terminais de punto de venda (TPV).

**ALUMNADO DESTINATARIO:**

- Ciclos de Formación Profesional de grao básico, medio ou superior das familias profesionais de Hostalaría e turismo, Administración e xestión, Comercio e márketing e Sanidade.

**Nº DE SESIÓNS:** As que considere cada docente.

**FORMATO:** Presencial/virtual

**NÚMERO MÁXIMO DE CENTROS PARTICIPANTES:**

- Modalidade 1: 10
- Modalidade 2: Sen límite.

**DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:**

Este programa conta con dúas modalidades, unha máis práctica e outra máis teórica. Os centros poden elixir participar en ambas modalidades ou unicamente nunha delas.

**1. Modalidade 1: Aprendendo cun TPV**

Os centros seleccionados recibirán un TPV virtual que lles permitirá crear e xestionar comercios virtuais, facilitando así a aprendizaxe práctica do seu funcionamento e a administración de transaccións comerciais en liña.

**2. Modalidade 2: Aprendendo sobre os medios de pagamento**

Actividade que se realizará de xeito virtual cunha duración aproximada de 90 minutos e que consistirá nun obradoiro dinámico sobre o funcionamento dos medios de pagamento. Abordaranse temas como a tipoloxía de tarxetas de banca, as formas de operación, as novas tecnoloxías relacionadas con medios de pagamento, riscos e controis que cómpre ter en conta, así como as reclamacións, dereitos e responsabilidades de comerciantes e compradores.

**TEMPORALIZACIÓN:**

As actividades desenvolveranse desde a publicación de resolución de centros seleccionados ata o 16 de maio de 2025.

**CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS E SOLICITUDES:**

1. Poderán participar nesta convocatoria os centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
2. No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles, os centros seleccionaranse dando preferencia a aqueles que aporten un maior número de alumnado participante.
3. Aclaracións sobre o servizo de TPV:
  - ABANCA ofrece a contratación dun TPV Virtual para o centro.



- Non é necesario que o centro teña conta en ABANCA, pero é obrigatorio que o centro exista na base de datos de clientes de ABANCA. De non ser así, non será posible cursar a alta do terminal ata que se curse a alta da relación.
- O centro debe firmar un contrato de TPV cun anexo de condicións específicas nas que se regula o funcionamento da colaboración, entre outras cousas, que o TPV só se pode utilizar para labores docentes.
- O centro poderá solicitar asesoramento telefónico ou por correo electrónico sobre a utilización do terminal. Para isto cada centro designará unha persoa de contacto coa Fundación Galicia Obra Social.
- As características específicas do TPV Virtual son as seguintes:
  - Neste modelo están dispoñibles os contornos de proba e de real.
  - No caso de que se utilice o contorno de real, non existen tarxetas de proba, polo que se pode utilizar calquera tipo de tarxeta financeira de calquera entidade para realizar as operacións. Isto aporta a vantaxe de que se pode probar o funcionamento de calquera medio de pagamento que exista no mercado.
  - Todas as operacións que se realicen deben anularse posteriormente para que non existan movementos contables asociados ao terminal.
  - Non existe risco de fraude, porque os cartos utilizados para as operacións só son accesibles por ABANCA, e non se poden facer devolucións de operacións para as que non exista unha venda previa.
  - No caso de que se utilice o contorno de proba, na documentación facilítanse tarxetas de proba para utilizar no sistema. Neste contorno, as operacións non teñen ningunha repercusión contable.
  - A integración do TPV Virtual dentro da tenda virtual debe realizala o centro, non é un servizo incluído no convenio. Desde ABANCA prestarase o servizo de asesoramento para a resolución das dúbidas que poidan aparecer e referencias a ferramentas que existan no mercado e das que se teña coñecemento.





## FICHA DESCRIPTIVA

---

**PROGRAMA:** MENTORING FP

**COLABORA:** AMTEGA

**OBXECTIVOS:**

- Titorizar e acompañar ao alumnado para a identificación de saídas profesionais e o desenvolvemento da súa carreira profesional ou a posta en marcha dun proxecto emprendedor.

**ALUMNADO DESTINATARIO:**

- Ciclos de grao superior e cursos de especialización de Formación Profesional da familia profesional de Informática e comunicacións.

**FORMATO:** Presencial/virtual.

**NÚMERO MÁXIMO DE CENTROS PARTICIPANTES:** Sen límite.

**DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:**

O alumnado participante contará coa mentorización dunha persoa responsable dunha empresa tecnolóxica da nosa comunidade, que compartirá os seus coñecementos e a súa experiencia no sector para guiar e potenciar o seu talento e as súas habilidades.

A participación neste programa será compatible coa realización do módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT) na mesma empresa. Neste caso, a persoa titora de FCT deberá ser distinta da mentora.

**TEMPORALIZACIÓN:**

O programa desenvolverase entre marzo e xuño do 2025 e terá unha duración de 60 horas, das cales 20 horas terán carácter presencial/virtual e as restantes serán de traballo autónomo do alumnado fóra da empresa.

**CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS E SOLICITUDES:**

1. Poderán participar neste programa os centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
2. A selección do alumnado será realizada pola empresas en colaboración cos centros participantes, mediante entrevistas persoais levadas a cabo por persoal das empresas en presenza da persoa titora no centro educativo.
3. Na entrevista valorarase a adecuación do perfil persoal, académico e profesional do aspirante con relación á actividade da empresa mentora.



## FICHA DESCRIPTIVA

---

**PROGRAMA:** SIMULA

**OBXECTIVOS:**

- Incorporar as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Formar ao alumnado no campo da xestión e da administración.

**ALUMNADO DESTINATARIO:**

- Ciclos de Formación Profesional de grao medio ou superior das familias profesionais de Hostalaría e turismo, Administración e xestión e Comercio e márketing.

**Nº DE SESIÓN:** As que considere cada docente.

**FORMATO:** Virtual.

**NÚMERO MÁXIMO DE CENTROS PARTICIPANTES:** 12

**DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:**

Este programa consiste na constitución dun negocio virtual no que a dirección e a xestión a leva a cabo o alumnado dos ciclos, que reproducen na aula a simulación das situacións reais do ámbito financeiro, administrativo, laboral, comercial... dunha empresa.

Cada centro participante transforma a súa aula nunha empresa simulada e o alumnado pasa a ocupar os diversos postos de traballo de xeito rotatorio, sendo responsable de que todo funcione correctamente, solucionando as incidencias que se produzan e relacionándose co resto dos departamentos.

A empresa intégrase nunha rede internacional, polo que establece relacións comerciais con empresas simuladas de países como: Alemaña, Estados Unidos, Canadá, Italia, Suecia, etc.

**TEMPORALIZACIÓN:**

As actividades desenvolveranse levaranse a cabo ao longo do curso escolar 2024-2025.

**CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS E SOLICITUDES:**

1. Poderán participar neste programa os centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
2. Para participar neste programa o centro educativo deberá presentar unha memoria descritiva na que se indique como se integra o uso do programa Simula na aula, indicando a metodoloxía aplicada e os obxectivos que se persegue.
3. No caso de existir máis solicitudes que visitas dispoñibles, a comisión de selección fará unha selección de centros. Para isto valorarase a proposta de traballo presentada en función dos seguintes criterios:
  - Metodoloxía aplicada (Máximo 5 puntos).
  - Obxectivos (Máximo 3 puntos).
  - Número de alumnado implicado (Máximo 2 puntos).

En caso de empate darase prioridade ao centro co grupo de alumnado máis numeroso. Se persistise o empate, farase a selección por sorteo.



## FICHA DESCRIPTIVA

---

**PROGRAMA:** EDUTECEMPRENDE

**OBXECTIVOS:**

- Motivar ao alumnado desenvolvendo as súas capacidades emprendedoras a través do coñecemento da realidade empresarial e tecnolóxica da nosa comunidade.
- Promover o interese do alumnado polas áreas STEM.

**ALUMNADO DESTINATARIO:**

- 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Bacharelato.
- Ciclos de Formación Profesional.

**NÚMERO DE SESIÓNS:** 2

**FORMATO:** Presencial.

**NÚMERO MÁXIMO DE CENTROS PARTICIPANTES:** Sen límite

**DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:**

O programa EduTecEmprende consiste no achegamento a centros tecnolóxicos e empresas punteiras da nosa comunidade, nas que o alumnado terá a oportunidade de entrar en contacto con novas técnicas de produción e tecnoloxías emerxentes en distintos sectores produtivos, así como coñecer distintos perfís profesionais técnicos a través das experiencias dos/das traballadores/as.

A través deste programa o alumnado poderá visitar:

- Aimen Centro Tecnolóxico
- Aluminios Cortizo
- Anfaco-Cecopesca
- Asociación de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira de Lugo
- Ceamsa (Produtora galega de hidrocoloides)
- Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)
- Centro Galego da Innovación da Formación Profesional. Centro Eduardo Barreiros (CGIFP)
- Centro Tecnolóxico da Carne (CTC)
- Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial (CETIM)
- Centro Tecnolóxico Gradient
- CIS Tecnoloxía e Deseño
- Concesionarios Pérez Rumbao
- Estación Experimental Agrícola do Baixo Miño
- Grupo Zendal
- Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG)
- Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL)
- Naturgy
- Norvento
- Nueva Pescanova
- Torre de Núñez

Con carácter previo á visita, o profesorado realizará unha sesión na aula na que traballará co alumnado a actividade da empresa ou do centro tecnolóxico que se lle asigne, así como a súa implicación no sector produtivo correspondente, incorporando as actitudes e os valores propios do emprendemento.



### TEMPORALIZACIÓN:

As actividades desenvolveranse desde a publicación da resolución de centros seleccionados ata o 16 de maio de 2025.

### CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS E SOLICITUDES:

1. Poderán participar neste programa os centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
2. Para participar neste programa o centro educativo deberá presentar unha proposta de traballo de fomento do emprendemento. Esta proposta deberá especificar recursos a empregar, actividades a desenvolver e planificación das mesmas ao longo do curso.
3. Cada centro educativo poderá presentar unha única solicitude, na que poderá requirir a visita a un máximo de tres entidades colaboradoras, por orde de preferencia.
4. No caso de existir máis solicitudes que visitas dispoñibles, a comisión de selección fará unha selección de centros. Para isto valorarase a proposta de traballo presentada en función dos seguintes criterios:
  - Actividades propostas para acadar o obxectivo xeral do programa (Máximo 5 puntos).
  - Recursos empregados (Máximo 3 puntos).
  - Temporalización das actividades (Máximo 2 puntos).
5. De existir menos solicitudes que visitas dispoñibles, poderase asignar máis dunha visita por centro educativo.
6. A xustificación deste programa realizarase mediante a entrega dunha memoria final que deberá conter os seguintes puntos:
  - Centro visitado.
  - Actividades realizadas previas á visita.
  - Centro visitado e actividades realizadas.
  - Documentación gráfica da visita.
  - Avaliación.
  - Propostas de mellora.

A extensión máxima da memoria será de 10 páxinas, en formato DIN A4, letra Arial tamaño 12 puntos e entreliñado sinxelo. A memoria deberá estar redactada en galego.

### LISTAXE DE EMPRESAS E CENTROS TECNOLÓXICOS DO PROGRAMA:

#### 1. AIMEN CENTRO TECNOLÓXICO

<b>Dirixida a</b>
• Alumnado de ciclos de Formación Profesional afíns á actividade do centro tecnolóxico.
<b>Número de participantes</b>
Máximo de 20 alumnos/as máis 2-3 profesores/as.
<b>Lugar</b>
A visita realizarase ao Edificio Armando Priegue e Centro de Aplicacións Láser, en O Porriño.
<b>Obxectivos</b>
1. Acceder ao sector en xeral. 2. Coñecer as actividades que se realiza en AIMEN. 3. Descubrir os postos de traballo que precisa o sector.



## 2. ALUMINIOS CORTIZO

<b>Dirixida a</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnado de Formación Profesional de ciclos de grao superior das familias de Edificación e obra civil, Electricidade e electrónica, Fabricación mecánica, Informática e comunicacións, e Instalación e mantemento.</li> <li>• Alumnado de Bacharelato científico-tecnolóxico.</li> </ul>
<b>Número de participantes</b>
Máximo de 30 persoas.
<b>Lugar</b>
A visita realizarase na Sede Central Aluminios Cortizo, Padrón, A Coruña.
<b>Obxectivos</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. No Taller de Empregabilidade coméntase aos alumnos/as temas como: marca persoal, busca de emprego, redes sociais, preparar unha entrevista.</li> <li>2. Na visita á Sede Central de Cortizo poden coñecer cada unha das etapas do proceso produtivo que leva a cabo a empresa co aluminio: fundición, extrusión, lacado, anodizado, almacenaxe, embalaxe, loxística e distribución.</li> </ol>

NOTA: É preciso confirmar necesidades especiais de mobilidade xa que na visita habitual podería existir algún impedimento.

## 3. ANFACO-CECOPESCA

<b>Dirixida a</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnado de Formación Profesional de ciclos de grao básico, medio e superior das familias de Hostalaría e turismo, e Industrias alimentarias.</li> <li>• Alumnado de Bacharelato.</li> <li>• Alumnado de CEE.</li> </ul>
<b>Número de participantes</b>
Máximo de 25 alumnos/as.
<b>Lugar</b>
A visita realizarase a o Museo da Conserva na Sede de ANFACO-CECOPESCA, Estrada Colexio Universitario 16, 36310, Vigo, Pontevedra.
<b>Obxectivos</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Coñecer a realidade socioeconómica da industria do mar en Galicia.</li> <li>2. Adquirir coñecementos da historia do produtos e das empresas do mar en Galicia.</li> <li>3. Poñer en valor a participación das mulleres na industria do mar.</li> <li>4. Visibilizar as accións das asociacións empresarias do sector.</li> </ol>

## 4. EMPRESAS DA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DA PRIMEIRA TRANSFORMACIÓN DA MADEIRA DE LUGO

<b>Dirixida a</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnado de 3º ou 4º de ESO, Bacharelato ou ciclos de Formación Profesional.</li> </ul>
<b>Número de participantes</b>
Máximo de 25 alumnos/as máis 2 profesores/as.
<b>Lugar</b>
A visita realizarase na explotación forestal máis próxima ao concello onde se sitúe o centro. Unha semana antes da visita, os centros solicitantes serán informados do enderezo exacto.
<b>Obxectivos</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Acceder ao sector forestal en xeral.</li> <li>2. Coñecer as actividades de aproveitamento forestal.</li> <li>3. Descubrir os postos de traballo que precisa o sector.</li> </ol>

## 5. CEAMSA (PRODUTORA GALEGA DE HIDROCOLOIDES)

<b>Dirixida a</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnado dos ciclos de grao superior de Laboratorio de análise e control de calidade e de</li> </ul>



Química industrial.
<b>Número de participantes</b>
Máximo de 15 persoas (poderase exceder o número en máximo 3 persoas contando alumnado e profesorado).
<b>Lugar</b>
A visita realizarase nas instalacións de CEAMSA: Polígono Industrial As Gándaras, S/N, 36418, O Porriño, Pontevedra.
<b>Obxectivos</b>
1. Coñecer as actividades que se realizan na empresa. 2. Descubrir os postos de traballo que precisa o sector.

## 6. CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA (CESGA)

<b>Dirixida a</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Alumnado de Formación Profesional das familias de Informática e comunicacións e de Electricidade e electrónica.</li> </ul>
<b>Número de participantes</b>
Máximo de 35 persoas.
<b>Lugar</b>
A visita realizarase na sede do centro tecnolóxico situada no seguinte enderezo: Avenida de Vigo, s/n. 15705. Santiago de Compostela.
<b>Obxectivos</b>
Coñecer que é e como funciona un centro de supercomputación.

## 7. CENTRO GALEGO DA INNOVACIÓN DA FORMACIÓN PROFESIONAL EDUARDO BARREIROS (CGIFP)

<b>Dirixida a</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Alumnado de 3º e 4º de ESO, Bacharelato e ciclos de Formación Profesional.</li> </ul>
<b>Número de participantes</b>
Máximo de 50 persoas.
<b>Lugar</b>
A visita realizarase nas instalacións do CGIFP Eduardo Barreiros: Rúa Ermida, 185 - 32005 Ourense.
<b>Obxectivos</b>
1. Dar a coñecer o CGIFP e os proxectos en curso. 2. Estimular as habilidades emprendedoras do alumnado galego. 3. Optimizar os recursos da FP galega ao servizo da comunidade educativa.

## 8. CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE (CTC)

<b>Dirixida a</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Alumnado de Formación Profesional das familias profesionais de Hostalería e turismo, Industrias alimentarias, Química e Agraria.</li> <li>Alumnado de 3º, 4º de ESO e Bacharelato.</li> </ul>
<b>Número de participantes</b>
Máximo de 30 persoas.
<b>Lugar</b>
A visita realizarase na sede do centro tecnolóxico situado no seguinte enderezo: Avenida de Galicia nº 4 - Parque Tecnolóxico de Galicia. 32900. San Cibrao das Viñas. Ourense.
<b>Obxectivos</b>
1. Comprobar os procesos de elaboración da carne e elaborados cárnicos dende a chegada das canais nos peiraos de entrada ata a obtención dos produtos rematados (despezamentos, envasados, tratamentos de conservación, procesos de elaboración, pratos preparados, etc.) 2. Visitar os tres laboratorios de análise e investigación (físicoquímica, cromatografía e microbioloxía) así como a sala de cata. 3. Describir as principais liñas de investigación que se seguen no centro.



## 9. CENTRO TECNOLÓXICO DE INVESTIGACIÓN MULTISECTORIAL (CETIM)

<b>Dirixida a</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Alumnado de ciclos de Formación Profesional e 2º de Bacharelato.</li> </ul>
<b>Número de participantes</b>
Máximo de 30 persoas.
<b>Lugar</b>
A visita realizarase na sede do centro tecnolóxico situada no seguinte enderezo: Parque empresarial de Alvedro, 15180, Culleredo, A Coruña.
<b>Obxectivos</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>Acceder ao sector en xeral.</li> <li>Coñecer as actividades que se realizan nos laboratorios.</li> <li>Descubrir os postos de traballo que precisa o sector.</li> </ol>

## 10. CENTRO TECNOLÓXICO GRADIANT

<b>Dirixida</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Alumnado de 4º de ESO, Bacharelato e ciclos de Formación Profesional.</li> </ul>
<b>Número de participantes</b>
Máximo de 35 alumnos/as máis 2 profesores/as.
<b>Lugar</b>
A visita realizarase na sede do centro tecnolóxico situado no seguinte enderezo: Estrada Vilar, 56-58, 36214 Vigo.
<b>Obxectivos</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>Descubrir oportunidades que ofrece un centro tecnolóxico á sociedade.</li> <li>Acercar o alumnado á tecnoloxía.</li> </ol>

## 11. CIS TECNOLOXÍA E DESEÑO (AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN)

<b>Dirixida a</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Alumnado de Formación Profesional.</li> </ul>
<b>Número de participantes</b>
Máximo de 25 persoas.
<b>Lugar</b>
A visita realizarase na sede do centro tecnolóxico situado no seguinte enderezo: A Cabana s/n, 15590, Ferrol (A Coruña).
<b>Obxectivos</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>Dar a coñecer as principais áreas de coñecemento e actividades do CIS Tecnoloxía e Deseño.</li> <li>Achegar ao alumnado dispositivos e aplicacións desenvolvidas para diferentes sectores.</li> <li>Fomentar o interese en distintos campos tecnolóxicos como vía de futuras oportunidades profesionais.</li> </ol>

## 12. CONCESIONARIOS DE PÉREZ RUMBAO

<b>Dirixida a</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Alumnado de Formación Profesional das familias de Administración e xestión, Comercio e márketing e Transporte e mantemento de vehículos.</li> <li>Alumnado de 4º de ESO e Bacharelato.</li> </ul>
<b>Número de participantes</b>
Na visita presencial, máximo de 30 alumnos/as da mesma especialidade.
<b>Lugar da visita</b>
<b>Modalidade A:</b> telemática O director de Recursos Humanos acode ao centro escolar e dialoga sobre o emprego na empresa. Desde alí conéctase en directo, por vía telemática co centro de traballo, recórrense as instalacións do concesionario e o alumnado pode preguntar ao persoal as súas inquiredanzas.
<b>Modalidade B:</b> presencial



A visita realizase a un dos concesionarios Pérez Rumbao en:  
A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Oleiros, Santiago, Vigo, Vilagarcía, Porriño.

**Obxectivos**

1. Descubrir oportunidades profesionais en concesionarios oficiais de automoción.
2. Coñecer as marcas máis importantes de turismos, vehículos industriais ou bicicletas.
3. Comprender a carreira multiprofesional na vangarda tecnolóxica na mobilidade e na automoción.

**13. ESTACIÓN EXPERIMENTAL AGRÍCOLA DO BAIXO MIÑO**
**Dirixida a**

- Alumnado de Bacharelato e Formación Profesional das familias de Agraria, Enerxía e auga; Madeira, moble e cortiza, Química e Seguridade e medio ambiente.

**Número de participantes**

Máximo de 25 persoas.

**Lugar**

A visita realizarase en Entenza s/n. C.P:36471 Salceda de Caselas (Pontevedra).

**Obxectivos**

1. Acceder ao sector en xeral.
2. Coñecer as actividades que se realizan na Estación Experimental Agrícola do Baixo Miño.
3. Descubrir os postos de traballo que precisa o sector.

**14. GRUPO ZENDAL**
**Dirixida a**

- Alumnado do Bacharelato tecnolóxico e de ciclos de Formación Profesional das familias de Química e Sanidade.

**Número de participantes**

Máximo de 10 persoas.

**Lugar**

A visita realizarase no seguinte enderezo:  
Lugar a Relva, S/N, 36400 O Porriño, Pontevedra.

**Data**

A convir no momento.

**Obxectivos**

1. Acceder ao sector en xeral.
2. Coñecer as actividades que se realizan nos laboratorios.
3. Descubrir os postos de traballo que precisa o sector.

**15. INSTITUTO TECNOLÓXICO DE GALICIA (ITG)**
**Dirixida a**

- Alumnado de Formación Profesional de ciclos de grao superior das familias de Electricidade e electrónica, Informática e comunicacións, e Instalación e mantemento.
- Alumnado matriculado en Bacharelato científico-tecnolóxico.

**Número de participantes**

Máximo de 30 persoas.

**Lugar da visita**

A visita realizarase nas novas instalacións do centro tecnolóxico (dentro da Cidade das TIC), situadas no seguinte enderezo: Avenida de Pedralonga, nº32. CP 15009. A Coruña.

**Obxectivos**

1. Descubrir a misión do ITG, centrada na contribución ao desenvolvemento da sociedade e a contorna a través da innovación tecnolóxica.
2. Coñecer o proceso de transferencia de coñecemento entre o mundo da investigación e o mercado.
3. Comprender a importancia do traballo colaborativo e da diversidade de talento nas organizacións para a consecución de obxectivos comúns.
4. Reflexionar e compartir opinións sobre a integración da tecnoloxía en distintos sectores (enerxía, auga, mobilidade urbana, construción) e os retos abertos ao futuro.





5. Interactuar con solucións tecnolóxicas de vangarda baseadas en sistemas intelixentes.

## 16. LABORATORIO INTERPROFESIONAL GALEGO DE ANÁLISE DO LEITE (LIGAL)

<b>Dirixida a</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Alumnado de Bacharelato ou ciclos de Formación Profesional relacionados coa rama científica.</li> </ul>
<b>Número de participantes</b>
Máximo de 15 persoas.
<b>Lugar</b>
A visita realizarase a Edificio de Laboratorios Agrarios, LIGAL, AC-542, km 7, Mabegondo, 15318.
<b>Obxectivos</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>Dar a coñecer a nosa actividade e a importancia dos controis alimentarios.</li> <li>Dar a coñecer as técnicas de laboratorio que se empregan para eles.</li> <li>Axudar ao alumnado a descubrir vocacións profesionais e saídas laborais.</li> </ol>

## 17. PLANTA DE XERACIÓN DE ENERXÍA DE NATURGY

<b>Dirixida a</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Alumnado de Formación Profesional.</li> </ul>
<b>Número de participantes</b>
A determinar segundo a visita a realizar.
<b>Lugar</b>
A concretar unha vez seleccionados os centros, dependendo da dispoñibilidade e das medidas de seguridade.
<p>Planta de xeración de enerxía de Naturgy. A visita poderá ser presencial ou virtual dependendo das normativas de seguridade que estableza a empresa nese momento.</p> <p>Instalacións dispoñibles:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Parques eólicos: <ul style="list-style-type: none"> <li>Montetourado-Eixe, Vimianzo, A Coruña</li> <li>Monciro, Castroverde, Lugo</li> </ul> </li> <li>- Centrais hidroeléctricas: <ul style="list-style-type: none"> <li>Belesar, Chantada, Lugo</li> <li>Tambre, Noia, A Coruña</li> <li>Portodemouros, Vila de Cruces, Pontevedra</li> <li>Frieira, Padrenda, Ourense</li> <li>Castrelo, Ourense</li> </ul> </li> </ul>
<b>Obxectivos</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>Compartir o compromiso de Naturgy coa transición ecolóxica e socialmente xusta.</li> <li>Coñecer as peculiaridades do funcionamento dunha central de xeración de enerxía e dos distintos perfís profesionais.</li> </ol>

## 18. NORVENTO

<b>Dirixida a</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Alumnado de Formación Profesional das familias de Electricidade e electrónica e Fabricación mecánica.</li> </ul>
<b>Número de participantes</b>
Máximo de 10 persoas.
<b>Lugar</b>
A visita realizarase nas instalacións do Polígono Sete Pontes, 3ª fase – Parcela 13 27800 Vilalba, Lugo.
<b>Obxectivos</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>Acceder ao sector en xeral.</li> <li>Coñecer as actividades que se realizan nos laboratorios.</li> <li>Descubrir os postos de traballo que precisa o sector.</li> </ol>



## 19. NUEVA PESCANOVA

<b>Dirixida a</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>Alumnado de Formación Profesional das familias de Industrias alimentarias.</li></ul>
<b>Número de participantes</b>
Máximo de 25 persoas.
<b>Lugar</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>Rúa José Fernández López s/n, 36320; Chapela, Redondela.</li><li>Polígono industrial Sabón, Parcela 13, 15142; Arteixo.</li></ul>
<b>Obxectivos</b>
Coñecer as instalacións industriais, así como a área de calidade dun centro da industria alimentaria.

## 20. TORRE DE NÚÑEZ

<b>Dirixida a</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>Alumnado de ciclos de Formación Profesional da familia de Industrias alimentarias.</li></ul>
<b>Número de participantes</b>
Máximo de 50 persoas, en 2 grupos de 25.
<b>Lugar da visita</b>
A visita realizarase nas instalacións de Estrada Madrid- Coruña km 497, 27160, Lugo.
<b>Obxectivos</b>
<ol style="list-style-type: none"><li>Acceder ao sector en xeral.</li><li>Coñecer as actividades que se realiza en Torre de Núñez.</li><li>Descubrir os postos de traballo que precisa o sector.</li></ol>

